

Com a **Associação de Escritores em Língua Galega, AELG**
e a **Asociación Cultural Couto Mixto**

150 Anos de Cantares Galegos de Rosalia de Castro

Este ano cúmprese o 150 aniversario da publicación de Cantares galegos (1863), unha obra fundamental no chamado « rexurdimento » da literatura galega contemporánea, logo de varios séculos (os séculos escuros) onde o cultivo literario da lingua galega fora esmorecendo. Para homenaxear á poeta no seu día, celébranse en toda Galiza e naqueles lugares espallados polo mundo onde há galegos bos e xenerosos unha serie de lecturas simultáneas e expansivas co ánimo de celebrar a nosa escritora máis internacional e, ao mesmo tempo a puxanza e vitalidade da literatura galega de hoxe.

Tendo en conta o carácter internacional de Bruxelas, leranse poemas de Rosalía en galego e castelán (linguas nas que escribiu), en flamengo e francés (como linguas deste país que nos acolle) e mais noutras linguas presentes na cidade (alemán, inglés, xaponés...). O espectáculo terá unha duración aproximada dunha hora e, entre outros, están convidados a ler: Frank de Crits e Xavier Queipo (Dichterscollectif van Brussel), os poetas españois José Miguel Arranz e Luísa Antolín, o poeta galego Ramón Neto e a poeta turca, Kader Sevinç.

A entrada é libre e a participación activa recomendábel.

23 de Fevereiro de 2013, às 18,30 horas